



BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA INCLUIR NA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á MOCIDADE E PROXECTOS MUSICAIS DO ESPAZO LUSQUIÑOS 2018-2019 DO CONCELLO DE OURENSE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Concellería de Xuventude pon en marcha a convocatoria das bases para a presentación de proxectos destinados á mocidade, co fin de elaborar o programa de actividades, OURENSE XOVE 2018-2019 e proxectos musicais do Espazo Lusquiños da Mocidade XPRESIÓN-SON 2018-2019, consonte aos obxectivos establecidos no artigo 1 do Regulamento do Espazo "fomentar a práctica musical dos mozos e mozas de Ourense dotándoos dos recursos técnicos para esta" e "deseñar accións formativas relacionadas coa música".

A realización destas actividades encoméndase a profesionais e empresas que reúnan as condicións máis idóneas tanto pola cualificación do persoal técnico como pola súa infraestrutura.

Artigo 1. Obxecto

É obxecto das presentes Bases a selección de proxectos de dinamización formativos e lúdicos dirixidos á mocidade, e con temática musical para o Espazo Lusquiños, a desenvolver entre os meses de novembro de 2018 a xuño de 2019.

Os bloques de presentación de propostas serán os seguintes:

BLOQUE 1:

- 1.- Dinamización lúdico - formativa do Espazo Lusquiños da Mocidade
- 2.- Outras Actividades dirixidas á xuventude e actividades nocturnas
- 3.- Servizo de difusión das actividades

BLOQUE 2:

- 1.- Actividades formativo - musicais no Espazo Lusquiños da Mocidade
- 2.- Servizo de difusión das actividades

As propostas serán as seguintes:

BLOQUE1:

- Actividades socioeducativas e formativas con titulación oficial: monitor/a e director/a de tempo libre, cociña saudable.
- Baile moderno, hip-hop, Dancehall, House, etc... deporte urbano, arte urbana, (graffiti,mural,stencil...),defensa persoal, protocolo social.
- Actividades de lecer, xogos de mesa, viedoxogos, rol.
- Actividades de sábados para mozos e mozas a realizar no Espazo Lusquiños.
- Clube de lectura, cineforum, radio podcast con contidos de interés para a mocidade.
- Plataforma de promoción da mocidade creativa e emprendedora a traves da web, youtube, redes sociais.
- Teatro e expresión corporal.





- Actividades para realizar en calqueira día, de luns a domingo.
- Actividades para realizar en horario nocturno entre as 21:00 e as 01:00 da madrugada, os venres e sábados.
- Calqueira outra actividade novidosa, vinculada e dirixida á mocidade.
- Campaña de difusión das actividades: cartelería, folletos, flyers, lonas, etc., distribución.

BLOQUE 2:

- Obradoiros / master class musicais para grupos usuarios, dos locais ou non, da cidade de Ourense: técnica vocal moderna, guitarra, baixo, batería, percusión, improvisación, combo, linguaxe musical, saúde musical, composición musical e de letras, home estudio, dj, posta en escena, xestión de redes sociais, canles de difusión, promoción musical, propiedade intelectual, dereitos de autor/a (creative commons).
- Seguimento de grupos musicais usuarios dos locais do espazo: autoxestión, identidade musical, comunicación, preproducción, arranxos musicais, coaching musical.
- Incubadora de grupos femininos ou con integrantes femininas para promover a presenza das mulleres enriba dos escenarios. Concerto de grupos femininos, concerto contra a violencia de xénero.
- Producción concertos de rúa, no Espazo e noutros locais musicais con grupos noveles da cidade.
- Técnico/a de son para os concertos e para o taller de gravación do Espazo Lusquiños.
- Concurso música na rúa, concurso novos talentos, concurso creación videoclips para promoción de grupos ourensáns.
- Creación dunha rede para promoción no sector musical galego dos grupos de Ourense, a través de salas de concertos, contacto con promotores/as, colaboración con estudos de gravación, academias e escolas de música.

Os proxectos que se presenten deberán ter en conta, na súa elaboración e programación, a inclusión de elementos transversais coma o fomento da vida saudable e a implicación solidaria e integradora co entorno veciñal e urbano, a equidade de xénero e o fomento de valores.

Os ditos proxectos contemplarán, entre outras,

- Actividades ou dinámicas de fomento da educación en igualdade.
- Actividades ou dinámicas de fomento do coñecemento e difusión dos dereitos das nenas e dos nenos recoñecidos na Convención de dereitos do neno adoptada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.

Artigo 2.- Destinatarios

Poderán participar e presentar proxectos de actividades, todas as persoas físicas ou xurídicas, legalmente recoñecidas, con plena capacidade de obrar, capacitación técnica e habilitación profesional, e que non estean incursas nalgunha causa de exclusión ou prohibición para contratar coas administracións públicas.





Artigo 3.- Prazo e lugar de presentación dos proxectos

As solicitudes deberán presentarse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días hábiles, que se computarán desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria na web e no taboleiro de editos do propio Concello de Ourense.

Os proponentes poderán presentar varios proxectos nunha única solicitude e terán que indicar claramente en que bloque de propostas desexan participar, podendo presentar proxectos nos 2 bloques.

As presentes bases publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web www.ourense.gal. Así mesmo, de acordo co establecido no art. 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as sucesivas publicacións dos actos de trámite correspondentes á convocatoria, realizaranse no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web www.ourense.gal

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido non se terán en conta polo órgano competente para a súa resolución. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, e se estas non reúnen os requisitos esixidos nas bases reguladoras da convocatoria, requirirase ao/á interesado/a para que no prazo de dez días naturais emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos, de acordo cos termos e efectos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, transcorrido o cal sen ter atendido ao requirimento terase por desistido da súa solicitude, previa resolución declaratoria ditada para o efecto.

Artigo 4.- Documentación a presentar

- a) Instancia de solicitude dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Ourense, cos requisitos do artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Copia cotexada do DNI.
- c) Se a empresa fora persoa xurídica, a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso, no correspondente Rexistro oficial, así como o Código de Identificación Fiscal (NIF), todo isto en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada polo funcionario/a habilitado para iso. Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico da empresa no momento da presentación da proposición.
- d) Declaración responsable de posuír capacidade para contratar co Concello de Ourense e non estar incurso en prohibición de contratar.
- e) Proxecto/s da/s actividade/s, con indicación expresa do prezo total da actividade, e IVE pormenorizado, co límite máximo que non superen os importes da contratación menor (15.000 euros mais IVE).
- f) Copia de documento acreditativo da representación que se ostenta no caso de entidades mercantís.





- g) Declaración responsable de estar ao corrente dos pagos á Seguridade Social e de non ter débedas coa Administración Tributaria do Estado, da Comunidade Autónoma e o Concello de Ourense.
- h) Declaración de que a empresa dispón de persoal habilitado profesionalmente para organizar as actividades.
- i) Certificado de discapacidade no caso de traballador ou traballadora autónomo, acreditación de ser un centro especial de emprego ou certificado da empresa no que conste o número global de traballadores/as e o número de traballadores/as con discapacidade, no caso de que proceda, segundo o artigo 7 destas bases.

Artigo 5.- Características e contidos dos proxectos

1. Poderán presentarse unha ou varias propostas de actividade a desenvolver desde o mes de novembro de 2018 ao mes de xuño de 2019, ambos incluídos. En todo caso a adxudicación de actividades ou proxectos ás entidades concorrentes á convocatoria non poderá exceder dun importe máximo global de 15.000 € máis IVE.
2. A efectos de elaboración de orzamentos operarán as seguintes contías máximas:
 - 32€/hora, academias e centros de formación (empresas en xeral)
 - 25€/hora titulados/as universitarios/as, sempre e cando a titulación fose imprescindible e acorde coa actividade a impartir.
 - 21€/hora, artesáns/as ou con titulación non universitaria.
3. Os proxectos conterán como mínimo:
 - Obxectivos
 - Descrición completa da actividade:
 - (Programación.
 - (Duración.
 - (Número de participantes (máximo e mínimo). No caso de obradoiros, establécese un número mínimo de 15 participantes por actividade proposta, salvo que a natureza da actividade requira un número menor ou maior.
 - (Recursos humanos que aporta a entidade, achegando copia de titulacións, certificacións ou cualificacións no marco da actividade proposta, correspondentes aos/ás monitores/as e/ou persoal técnico encargado de organizar e/ou executar a actividade.
 - (Recursos materiais que aporta a entidade.
 - (Prezo da actividade co IVE expresado aparte.

Artigo 6.- Selección de proxectos

1. Os proxectos presentados serán revisados, valorados e seleccionados por unha Comisión técnica presidida pola Concelleira de Xuventude do Concello de Ourense e integrada por:
 - Xefe/a do Servizo de Xuventude.
 - Responsable da programación de actividades.
 - A xefa de Sección de Xuventude.
 - Secretario: un/ha funcionario/a do Servizo
2. O Concello de Ourense publicará no taboleiro de edictos, así como na súa páxina web a selección dos proxectos aprobados pola Comisión.





3. O procedemento resolverase mediante decreto da Concelleira Delegada de Xuventude.
4. En todo caso, para o caso de seleccionar varios proxectos dun mesmo adxudicatario, operará o límite económico para a contratación menor, sen que se poda superar os 15.000 euros mais IVE, do artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Artigo 7.- Criterios de valoración para a selección dos proxectos

A Comisión valorará na selección dos proxectos os seguintes aspectos:

- a) Calidade do proxecto presentado e a súa adecuación aos obxectivos sinalados no artigo 1 destas bases (ata 30 puntos).
- b) Cualificación e titulación do persoal adscrito ao proxecto presentado (ata 25 puntos).
- c) Carácter novidoso e atractivo da actividade respecto a outros anos (ata 25 puntos).
- d) Mellor prezo unitario por mes da actividade (ata 10 Puntos).
- e) Inclusión de elementos transversais na programación: igualdade, solidariedade, xustiza social, vida saudable, desenvolvemento sostible, etc. (ata 10 Puntos).

No caso de igualdade na puntuación na proposición, terán preferencia para a adxudicación do contrato as empresas que no momento da convocatoria contén cun número de traballadores/as discapacitados/as non inferior ao 2% da plantilla de persoal,, sempre que os seus proxectos igualem en seus términos ás mellores valoradas. Para este efecto, deberase acreditar tal extremo acompañando certificado da empresa na que conste o número global de traballadores/as e o número de traballadores/as con discapacidade.

Artigo 8.- Obrigas dos adxudicatarios dos proxectos

Os/as adxudicatarios/as dos proxectos terán as seguintes obrigas:

- a) Os adxudicatarios/as, con carácter previo á firma do contrato, presentarán a seguinte documentación:
 - Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a este imposto, referida ao exercicio corrente, ou completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste imposto.
 - Certificacións positivas expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Administración Tributaria da Comunidade Autónoma, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
 - Certificación positiva emitida polo INSS de estar ao corrente dos pagos á Seguridade Social.
 - Seguro de responsabilidade civil acorde á actividade proxectada.
 - Consonte ao establecido no artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil (LOPM). Será requisito para o acceso e exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e integridade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e





provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para tal efecto, deberá acreditarse esta circunstancia mediante a achega de certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, das persoas que realicen as actividades cos menores.

- b) Os/as adxudicatarios/as firmarán un contrato de prestación de servizos no que quedará reflectido que o obxecto do contrato será a prestación do servizo de desenvolvemento da actividade seleccionada.
- c) Cumprir con todas as estipulacións recollidas nas cláusulas do contrato e nas presentes bases.
- d) Todos os custes adscritos ao proxecto (persoal, material, seguros e en xeral todos aqueles necesarios para o desenvolvemento da actividade) serán de conta do adxudicatario.
- e) Colaborar e presentar calquera tipo de xustificantes a requirimento do/a responsable municipal do programa.
- f) Os/as adxudicatarios/as estarán obrigados a cumprir as disposicións legais vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como estar ao corrente nas súas obrigas coa facenda pública e o Concello de Ourense. O persoal adscrito pola entidade adxudicataria á execución da actividade non terá ningún tipo de vínculo laboral co Concello de Ourense.

Artigo 9.- Realización, control e anulación de actividades

- 1. A Concellería de Xuventude incorporará os proxectos seleccionados ao Programa OURENSE XOVE e á programación musical do Espazo Lusquiños XPRESIÓN-SON.
- 2. Corresponderá á Concellería de Xuventude a supervisión das actividades adxudicadas, a través do/a responsable municipal do programa, así como á xestión das inscricións.
- 3. O uso de instalacións e bens municipais non atribuirá á entidade que presta os servizos ningún dereito sobre os mesmos.
- 4. A entidade adxudicataria será a responsable de executar as actividades conforme se reflecten non proxectos presentados, as condicións e requisitos esixidos nas presentes bases e as directrices marcadas pola Concellería de Xuventude.
- 5. A Concellería de Xuventude resérvase o dereito a realizar cantas actuacións, modificacións ou adaptacións sexan necesarias para garantir o bo desenvolvemento e funcionamento das actividades. Deberá existir a maior flexibilidade e capacidade de coordinación posible entre o Concello de Ourense e as entidades adxudicatarias ante circunstancias non previstas nas presentes condicións e requisitos ou nas condicións reais da execución.
- 6. Para o caso en que o adxudicatario aporte como instalación para realizar as actividades algún espazo físico determinado alleo a unha dependencia municipal, este deberá reunir as condicións de seguridade, sanitarias e técnicas correspondentes, así como ostentar os permisos, licenzas ou autorizacións pertinentes. A entidade deberá acreditar documentalmentemente tales circunstancias, así como autorizar ao Concello de Ourense a supervisión e/ou avaliación dos espazos.
- 7. O Concello de Ourense resérvase o dereito de anular calquera actividade no caso de que a demanda non cubrise o mínimo de participantes segundo o establecido no artigo 5.3 destas bases. Para esta caso non serán obxecto de indemnización os danos e perdas pola anulación da actividade.





Artigo 10.- Forma de pago

O pagamento realizarase previa presentación de factura, expedida na forma legalmente establecida e con clara especificación das unidades facturadas, recursos empregados, retencións fiscais e impostos aplicables á actividade desenvolvida. A factura será informada polo persoal municipal responsable da área de xuventude e conformada polo/a Xefa do servizo de xuventude.

Artigo 11.- Infraccións

As entidades adxudicatarias deberán cumprir todo o establecido nas presentes bases reguladoras e nos proxectos aprobados.

En caso de incumprimento dalgunha cláusula do contrato por parte do adxudicatario, o Concello de Ourense, previa tramitación do expediente correspondente, excluírá ao afectado da participación nas dos seguintes convocatorias de análoga natureza á actual, sen prexuízo das penalidades e responsabilidades establecidas na lexislación vixente.

Artigo 12.- Convocatoria anual

Esta convocatoria financiarase con cargo ás seguintes partidas:

BLOQUE 1: 190 3370 22620

Ano 2018: 20.000 €

Ano 2019: 40.000 €

BLOQUE 2: 190 3370 22623

Ano 2018: 6.000 €

Ano 2019: 15.000 €

Artigo 13.- Réxime xurídico

1. Conforme ao art. 261 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Concello de Ourense ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.
2. As actuacións en relación ca convocatoria, así como en relación coa execución das actividades rexeranse en primeiro lugar polo contido nas presentes bases. Para todo aquilo que no estivese contemplado, estarase ao disposto na normativa de réxime local e réxime xurídico das administracións públicas, en na normativa de facendas locais, na normativa de contratos do sector público, e as demais normas concordantes de ámbito estatal, autonómico e local que resulten de aplicación.





ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A NON ESTAR INCURSOS EN PROHIBICIÓNS E INCOMPATIBILIDADES PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NO TER DÉBEDAS EN PERÍODO EXECUTIVO CO CONCELLO DE OURENSE

D./Dona, con DNI/NIE

en nome propio ou en representación da empresa,

con NIF nº, en calidade de

DECLARA:

I.- Que a citada sociedade, os seus administradores/as e representantes legais, así como o/a asinante, non se encontran comprendidos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

II.- Que a citada entidade se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Ourense e, se as ten, están garantidas.

En, a de de

Asdo.:





BASES REGULADORAS PARA LA SELECCIÓN DE PROYECTOS PARA INCLUIR EN LA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIGIDAS A LA JUVENTUD Y PROYECTOS MUSICALES DEL ESPACIO LUSQUIÑOS 2018-2019 DEL AYUNTAMIENTO DE OURENSE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Concejalía de Juventud pone en marcha la convocatoria de las bases para la presentación de proyectos destinados a la juventud, con el fin de elaborar el programa de actividades, OURENSE XOVE 2018-2019 y proyectos musicales del Espacio Lusquiños de la Juventud XPRESIÓN-SON 2018-2019, conforme a los objetivos establecidos en el artículo 1 del Reglamento del Espacio "fomentar la práctica musical de los chicos y chicas de Ourense dotándolos de los recursos técnicos para esta" y "diseñar acciones formativas relacionadas con la música".

La realización de estas actividades se encomienda a profesionales y empresas que reúnan las condiciones más idóneas tanto por la calificación del personal técnico como por su infraestructura.

Artículo 1. Objeto

Es objeto de las presentes Bases la selección de proyectos de dinamización formativos y lúdicos dirigidos a la juventud, y con temática musical para el Espacio Lusquiños, a desarrollar entre los meses de noviembre de 2018 a junio de 2019.

Los bloques de presentación de propuestas serán los siguientes:

BLOQUE 1:

- 1.- Dinamización lúdico - formativa del Espacio Lusquiños de la Juventud
- 2.- Otras Actividades dirigidas a la juventud y actividades nocturnas
- 3.- Servicio de difusión de las actividades

BLOQUE 2:

- 1.- Actividades formativo - musicales en el Espacio Lusquiños de la Juventud

Las propuestas serán las siguientes:

BLOQUE 1:

- Actividades socioeducativas y formativas con titulación oficial: monitor/la y director/la de tiempo libre, cocina saludable.
- Baile moderno, hip- hop, Dancehall, House, etc... deporte urbano, arte urbano, (graffiti,mural, stencil...),defensa personal, protocolo social.
- Actividades de ocio, juegos de mesa, viedoxogos, rol.
- Actividades de sábados para jóvenes y chicas a realizar en el Espacio Lusquiños.
- Clube de lectura, cineforum, radio podcast con contenidos de interés para la juventud.
- Plataforma de promoción de la juventud creativa y emprendedora la traves de laweb,youtube, redes sociales.
- Teatro y expresión corporal.
- Actividades para realizar en cualquier día, de lunes a domingo.
- Actividades para realizar en horario nocturno entre las 21:00 y las 01:00 de la madrugada, los viernes y sábados.
- Cualquier otra actividad novedosa, vinculada y dirigida a la juventud.
- Campaña de difusión de las actividades: cartelería, folletos, flyers, lonas, etc., distribución.





BLOQUE 2:

- Talleres / master class musicales para grupos usuarios, de los locales o no, de la ciudad de Ourense: técnica vocal moderna, guitarra, bajo, batería, percusión, improvisación, combo, lenguaje musical, salud musical, composición musical y de letras, hombre estudio, dj, puesta en escena, gestión de redes sociales, canales de difusión, promoción musical, propiedad intelectual, derechos de autor/la (creative commons).
- Seguimiento de grupos musicales usuarios de los locales del espacio: autogestión, identidad musical, comunicación, preproducción, arreglos musicales, coaching musical. • Incubadora de grupos femininos o con integrantes femeninas para promover la presencia de las mujeres arriba de los escenarios. Concierto de grupos femininos, concierto contra la violencia de género.
- Producción conciertos de calle, en el Espacio y en otros locales musicales con grupos noveles de la ciudad.
- Técnico/a de sonido para los conciertos y para el taller de grabación del Espacio Lusquiños.
- Concurso música en la calle, concurso nuevos talentos, concurso creación videoclips para promoción de grupos ourensanos.
- Creación de una red para promoción en el sector musical gallego de los grupos de Ourense, a través de salas de conciertos, contacto con promotores/las, colaboración con estudios de grabación, academias y escuelas de música.

Los proyectos que se presenten deberán tener en cuenta, en su elaboración y programación, la inclusión de elementos transversales como el fomento de la vida saludable y la implicación solidaria e integradora con el entorno vecinal y urbano, la equidad de género y el fomento de valores.

Dichos proyectos contemplarán, entre otras,

- Actividades o dinámicas de fomento de la educación en igualdad.
- Actividades o dinámicas de fomento del conocimiento y difusión de los derechos de las niñas y de los niños reconocidos en la Convención de derechos del niño adoptada por la Asamblea General de Naciones Unidas el 20 de noviembre de 1989.

Artículo 2.- Destinatarios

Podrán participar y presentar proyectos de actividades, todas las personas físicas o jurídicas, legalmente reconocidas, con plena capacidad de obrar, capacitación técnica y habilitación profesional, y que no estén incurso en alguna causa de exclusión o prohibición para contratar con las administraciones públicas.

Artículo 3.- Plazo y lugar de presentación de los proyectos

Las solicitudes deberán presentarse debidamente cubiertas, en el Registro General del Ayuntamiento de Ourense, o en cualquiera de las formas previstas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

Las solicitudes deberán presentarse en el plazo de 15 días hábiles, que se computarán desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en la web y en el tablón de editos del propio Ayuntamiento de Ourense.

Los proponentes podrán presentar varios proyectos en una única solicitud y tendrán que indicar claramente en que bloque de propuestas desean participar, pudiendo presentar proyectos en los 2 bloques.





Las presentes bases se publicará en el tablón de edictos del Ayuntamiento y en la página web www.ourense.gal. Asimismo, de acuerdo con el establecido en el art. 45.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, las sucesivas publicaciones de los actos de trámite correspondientes a la convocatoria, se realizarán en el tablón de edictos del Ayuntamiento y en la página web www.ourense.gal

Las solicitudes presentadas fuera del plazo establecido no se tendrán en cuenta por el órgano competente para su resolución. Concluido el plazo de presentación de solicitudes, y si estas no reúnen los requisitos exigidos en las bases reguladoras de la convocatoria, se requerirá a la interesado/a para que en el plazo de diez días naturales emende las faltas o acompañe los documentos preceptivos, de acuerdo con los términos y efectos previstos en el art. 68 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, transcurrido lo cual sin haber atendido al requerimiento se tendrá por desestimado de su solicitud, previa resolución declaratoria dictada al efecto.

Artículo 4.- Documentación a presentar

- a) Instancia de solicitud dirigida al Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Ourense, con los requisitos del artículo 66 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.
- b) Copia cotejada del DNI.
- c) Si la empresa es persona jurídica, la escritura de constitución o modificación, en su caso, inscrita en el Registro Mercantil, cuando este requisito sea exigible conforme a la legislación mercantil que le sea aplicable. Si no fuera, la escritura o documento de constitución, estatutos o acto fundacional en los que consten las normas por las que se regula su actividad, inscritos, de ser el caso, en el correspondiente Registro oficial, así como el Código de Identificación Fiscal (NIF), todo esto en original o copia que tenga el carácter de auténtica conforme a la legislación vigente, o fotocopia compulsada por el funcionario/a habilitado para eso. Estos documentos deberán recoger el exacto régimen jurídico de la empresa en el momento de la presentación de la proposición.
- d) Declaración responsable de poseer capacidad para contratar con el Ayuntamiento de Ourense y no estar incurso en prohibición de contratar.
- e) Proyecto/ s de la/ s actividad/ s, con indicación expresa del precio total de la actividad, e IVA pormenorizado, con el límite máximo que no superen los importes de la contratación menor (15.000 euros mas IVA).
- f) Copia de documento acreditativo de la representación que se ostenta en el caso de entidades mercantiles.
- g) Declaración responsable de estar al corriente de los pagos a la Seguridad Social y de no tener deudas con la Administración Tributaria del Estado, de la Comunidad Autónoma y el Ayuntamiento de Ourense.
- h) Declaración de que la empresa dispone de personal habilitado profesionalmente para organizar las actividades.
- i) Certificado de discapacidad en el caso de trabajador o trabajadora autónomo, acreditación de ser un centro especial de empleo o certificado de la empresa en el que conste el número global de trabajadores/las y el número de trabajadores/las con discapacidad, en caso de que proceda, según el artículo 7 de estas bases.

Artículo 5.- Características y contenidos de los proyectos

1. Podrán presentarse una o varias propuestas de actividad a desarrollar desde el mes de noviembre de 2018 al mes de junio de 2019, ambos incluidos. En todo caso la adjudicación de actividades o proyectos a las entidades concurrentes a la convocatoria no podrá exceder de un importe máximo global de 15.000 € más IVA.

2. A efectos de elaboración de presupuestos operarán las siguientes cuantías máximas:

- 32€/hora, academias y centros de formación (empresas en general)





- 25€/hora titulados/las universitarios/las, siempre y cuando la titulación fuera imprescindible y acorde con la actividad a impartir.

- 21€/hora, artesanos/las o con titulación no universitaria.

3. Los proyectos contendrán como mínimo:

- Objetivos

- Descripción completa de la actividad:

- Programación.

- Duración.

- Número de participantes (máximo y mínimo). En el caso de talleres, se establece un número mínimo de 15 participantes por actividad propuesta, salvo que la naturaleza de la actividad requiera un número menor o mayor.

- Recursos humanos que aporta la entidad, acercando copia de titulaciones, certificaciones o calificaciones en el marco de la actividad propuesta, correspondientes a los/a los monitores/las y/o personal técnico encargado de organizar y/o ejecutar la actividad.

- Recursos materiales que aporta la entidad.

- Precio de la actividad con el IVA expresado aparte.

Artículo 6.- Selección de proyectos

1. Los proyectos presentados serán revisados, valorados y seleccionados por una Comisión técnica presidida por la Concejala de Juventud del Ayuntamiento de Ourense e integrada por:

- Jefe/a del Servicio de Juventud.

- Responsable de la programación de actividades.

- La jefa de Sección de Juventud.

- Secretario: uno/a funcionario/a del Servicio

2. El Ayuntamiento de Ourense publicará en el tablón de edictos, así como en su página web a selección de los proyectos aprobados por la Comisión.

3. El procedimiento se resolverá mediante decreto de la Concejala Delegada de Juventud.

4. En todo caso, para el caso de seleccionar varios proyectos de un mismo adjudicatario, operará el límite económico para la contratación menor, sin que se pueda superar los 15.000 euros mas IVA, del artículo 118.1 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

Artículo 7.- Criterios de valoración para la selección de los proyectos

La Comisión valorará en la selección de los proyectos los siguientes aspectos:

a) Calidad del proyecto presentado y su adecuación a los objetivos señalados en el artículo 1 de estas bases(hasta30puntos).

b) Calificación y titulación del personal adscrito al proyecto presentado (hasta 25 puntos).

c) Carácter novedoso y atractivo de la actividad respecto a otros años (hasta 25 puntos).

d) Mejor precio unitario por mes de la actividad (hasta 10 Puntos).

y) Inclusión de elementos transversales en la programación: igualdad, solidaridad, justicia social, vida saludable, desarrollo sostenible, etc. (hasta 10 Puntos).

En el caso de igualdad en la puntuación en la proposición, tendrán preferencia para la adjudicación del contrato las empresas que en el momento de la convocatoria cuenten con un número de trabajadores/las

discapitados/las no inferior al 2% de la plantilla de personal,, siempre que sus proyectos igualen en sus términos a las mejores valoradas.

Para este efecto, se deberá acreditar tal extremo acompañando certificado de la empresa en la que conste el número global de trabajadores/las y el número de trabajadores/las con discapacidad.

Artículo 8.- Deberes de los adjudicatarios de los proyectos





Los/las adjudicatarios/las de los proyectos tendrán los siguientes deberes:

la) Los adjudicatarios/as, con carácter previo a la firma del contrato, presentarán la siguiente documentación:

- Original o copia compulsada del alta en el Impuesto sobre Actividades Económicas en el epígrafe correspondiente al objeto del contrato, siempre que ejerza actividades sujetas a este impuesto, referida al ejercicio corriente, o completado con una declaración responsable de no haberse dado de baja en la matrícula de este impuesto.

- Certificaciones positivas expedidas por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria y por la Administración Tributaria de la Comunidad Autónoma, de estar al corriente en el cumplimiento de sus deberes tributarios.

- Certificación positiva emitida por el INSS de estar al corriente de los pagados a la Seguridad Social.

- Seguro de responsabilidad civil acorde a la actividad proyectada.

- Consente al establecido en el artículo 13 de la Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de protección jurídica del menor de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil (LOPM). Será requisito para el acceso y ejercicio de las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado/la por sentencia firme por algún delito contra la libertad e integridad sexual, que incluye la agresión y abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo y provocación sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por trata de ser humanos. Para tal efecto, deberá acreditarse esta circunstancia mediante la acerca de certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales, de las personas que realicen las actividades con los menores.

b) Los/las adjudicatarios/las firmarán un contrato de prestación de servicios en el que quedará reflejado que el objeto del contrato será la prestación del servicio de desarrollo de la actividad seleccionada.

c) Cumplir con todas las estipulaciones recogidas en las cláusulas del contrato y en las presentes bases.

d) Todos los costes adscritos al proyecto (personal, material, seguros y en general todos aquellos necesarios para el desarrollo de la actividad) serán de cuenta del adjudicatario.

y) Colaborar y presentar cualquier tipo de justificantes a requerimiento del/la responsable municipal del programa.

f) Los/las adjudicatarios/as estarán obligados a cumplir las disposiciones legales vigentes en materia laboral y de Seguridad Social, así como estar al corriente en sus deberes con la hacienda pública y el Ayuntamiento de Ourense. El personal adscrito por la entidad adjudicataria a la ejecución de la actividad no tendrá ningún tipo de vínculo laboral con el Ayuntamiento de Ourense.

Artículo 9.- Realización, control y anulación de actividades

1, La Concejalía de Juventud incorporará los proyectos seleccionados al Programa OURENSE XOVE y a la programación musical del Espacio Lusquiños XPRESIÓN-SON.

2. Corresponderá a la Concejalía de Juventud a supervisión de las actividades adjudicadas, a través del/la responsable municipal del programa, así como a la gestión de las inscripciones.

3. El uso de instalaciones y bienes municipales no atribuirá a la entidad que presta los servicios ningún derecho sobre los mismos.

4. La entidad adjudicataria será la responsable de ejecutar las actividades conforme se reflejan en los proyectos presentados, las condiciones y requisitos exigidos en las presentes bases y las directrices marcadas por la Concejalía de Juventud.

5. La Concejalía de Juventud se reserva el derecho a realizar cuantas actuaciones, modificaciones o adaptaciones sean necesarias para garantizar el buen desarrollo y funcionamiento de las actividades. Deberá existir la mayor flexibilidad y capacidad de coordinación posible entre el Ayuntamiento de Ourense y las entidades adjudicatarias ante circunstancias no previstas en las presentes condiciones y requisitos o en las condiciones reales de la ejecución. 6. Para el caso en que el adjudicatario atribuya como instalación para realizar las actividades algún espacio físico determinado ajeno a una dependencia municipal, este deberá reunir las condiciones de seguridad, sanitarias y técnicas correspondientes, así como ostentar los permisos, licencias o autorizaciones pertinentes.





La entidad deberá acreditar documentalmente tales circunstancias, así como autorizar al Ayuntamiento de Ourense la supervisión y/o evaluación de los espacios.

7. El Ayuntamiento de Ourense se reserva el derecho de anular cualquier actividad en caso de que la demanda no cubriera el mínimo de participantes según el establecido en el artículo 5.3 de estas bases. Para esta caso no serán objeto de indemnización los daños y pérdidas por la anulación de la actividad.

Artículo 10.- Forma de pago

El pago se realizará previa presentación de factura, expedida en la forma legalmente establecida y con clara especificación de las unidades facturadas, recursos empleados, retenciones fiscales e impuestos aplicables a la actividad desarrollada. La factura será informada por el personal municipal responsable del área de juventud y conformada por el/la Jefa del servicio de juventud.

Artículo 11.- Infracciones

Las entidades adjudicatarias deberán cumplir todo lo establecido en las presentes bases reguladoras y en los proyectos aprobados.

En caso de incumplimiento de alguna cláusula del contrato por parte del adjudicatario, el Ayuntamiento de Ourense, previa tramitación del expediente correspondiente, excluirá al afectado de la participación en las de los siguientes convocatorias de análoga naturaleza a la actual, sin perjuicio de las penalidades y responsabilidades establecidas en la legislación vigente.

Artículo 12.- Convocatoria anual

Esta convocatoria se financiará con cargo a las siguientes partidas:

BLOQUE 1: 190 3370 22620 Año 2018: 20.000 € Año 2019: 40.000 €

BLOQUE 2: 190 3370 22623 Año 2018: 6.000 € Año 2019: 15.000 €

Artículo 13.- Régimen jurídico

1. Conforme al art. 261 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, el Ayuntamiento de Ourense ostenta la prerrogativa de interpretar el contrato, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlos por razones de interés público, acordar su resolución y determinar los efectos de esta.

2. Las actuaciones en relación a la convocatoria, así como en relación con la ejecución de las actividades se regirán en primer lugar por el contenido en las presentes bases. Para todo aquello que en el estuviera contemplado, se estará al dispuesto en la normativa de régimen local y régimen jurídico de las administraciones públicas, en la normativa de haciendas locales, en la normativa de contratos del sector público, y las demás normas concordantes de ámbito estatal, autonómico y local que resulten de aplicación.





Concello de
OURENSE

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Praza de San Martiño nº 2 baixo

32005 – Ourense

Tel. 988388154

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A NO ESTAR INCURSOS EN PROHIBICIONES E INCOMPATIBILIDADES PARA CONTRATAR CON LA ADMINISTRACIÓN, DE ESTAR AL CORRIENTE EN EL CUMPLIMIENTO DE OBLIGAS TRIBUTARIAS Y CON SEGURIDAD SOCIAL Y DE NO TENER DÉUDAS EN PERÍODO EJECUTIVO CON EL AYUNTAMIENTO DE OURENSE

D./Doña..... con
DNI/NIEen nombre propio o en representación de la empresa
.....,con NIF
en calidad de

DECLARA:

I.- Que la mencionada sociedad, sus administradores/as y representantes legales, así como el/la firmante, no se encuentran comprendidos en ninguna de las prohibiciones e incompatibilidades para contratar señaladas en el artículo 71 de la Lei 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

II.- Que la citada entidad se encuentra al corriente del cumplimiento de las obligas tributarias y con la Seguridad Social impuesta por las disposiciones vigentes y no tiene deudas en período ejecutivo de pago con el Ayuntamiento de Ourense y, si las tiene, están garantizadas.

En, a de de

Fdo.:





Concello de
OURENSE

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Praza de San Martiño nº 2 baixo
32005 – Ourense

Tel. 988388154

